



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE EMPREGO E IGUALDADE E A FUNDACIÓN CLÚSTER DE EMPRESAS DE AUTOMOCIÓN DE GALICIA (CEAGA) PARA A AUTORIZACIÓN DO USO DE MEDIOS E INSTALACIÓNS DO CENTRO INTEGRADO DE FORMACIÓN PROFESIONAL DE COIA (VIGO) PARA REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE FORMACIÓN PROFESIONAL.

En Santiago de Compostela a 17 de marzo de 2021

COMPARECEN

Por unha banda,

Maria Jesús Lorenzana Somoza, conselleira de Emprego e Igualdade da Xunta de Galicia, nomeada polo Decreto 112/2020, do 6 de setembro (DOG núm. 181 do 7/09/2020) actuando en virtude das facultades atribuídas polo artigo 34.1 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia e polo Decreto 110/2020, do 6 de setembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia.

E pola outra,


Juan Antonio Lloves Guntín na súa calidade de Presidente do Patronato, nomeado de conformidade ao artigo 21 dos seus estatutos na Asamblea celebrada en O Porriño o día 30 de marzo de 2017, en representación da Fundación Clúster de Empresas de Automoción de Galicia (CEAGA), con C.I.F. G36983575 e sede en Avenida de Citroën, nº 3 e 5, 1ªPlanta. 36210. Vigo

Actúan as partes no exercicio dos seus cargos e na representación que ostentan recoñecéndose reciprocamente a capacidade suficiente para asinar este convenio e

EXPOÑEN

PRIMEIRO

De acordo co DECRETO 215/2020, do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Emprego e Igualdade, entre as funcións desta





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
EMPREGO E IGUALDADE

Dirección Xeral de Formación e Colocación



galicia

Consellería están a coordinación da participación das entidades colaboradoras, con e sen ánimo de lucro, na execución e desenvolvemento dos servizos de políticas activas de emprego, a través da colaboración público-privada e a coordinación da xestión e supervisión do funcionamento dos Centros de formación tanto propios como dependentes doutras entidades, así como a prestación da asistencia técnica necesaria para o correcto desenvolvemento das súas actividades.

Dependendo, orgánica e funcionalmente, desta Consellería o Centro Integrado de Formación Profesional de Coia (Vigo) ten entre as súas funcións o deseñar, xestionar e desenvolver plans formativos de formación profesional para o emprego, accións de inserción e reinserción laboral dos traballadores e formación continua nas empresas, referidos a varias familias profesionais, respondendo ás necesidades do entorno no que o centro está ubicado, e, polo tanto, mediante unha oferta formativa de calidade axustada ás necesidades do sistema produtivo galego.

SEGUNDO

A Fundación Clúster de Empresas de Automoción de Galicia (CEAGA) ten entre os seus asociados a 130 empresas e 68 startups, que aglutinan o 14% do emprego industrial e o 15,4% do PIB de Galicia. A Fundación ten por obxecto situar o Sector de Automoción de Galicia nunha posición de liderado competitivo e sostible a nivel global, contribuíndo ó progreso e a calidade de vida do seu entorno. Con este obxectivo, promove proxectos cooperativos de alto impacto para mellorar a competitividade das empresas da industria de automoción de Galicia.

Unha das súas principais actividades é a formación profesional non regrada, deseñada especificamente por e para o sector da automoción, e combina formación de carácter táctico, para responder ás necesidades formativas das empresas no “aquí” e “agora”, con programas de compoñente mais estratéxica, para contribuír activamente á competitividade do sector a longo prazo. Aínda que o amplo catálogo formativo da súa Universidade Corporativa (UCC) se orienta principalmente aos profesionais das empresas membros de CEAGA, tamén participan profesionais doutros sectores e, en particular, titulados e técnicos en situación de desemprego para favorecer o seu acceso ao mercado laboral.

Cada ano, preto de 700 alumnos participan en arredor dos 55 cursos e programas formativos que organiza a UCC. Asemade, CEAGA participa en diversos proxectos a nivel



rexional, nacional y europeo para pechar a brecha competencial, cun marcado foco na Excelencia Operativa e na Transformación Dixital.

TERCEIRO

A Lei orgánica 5/2002, de 19 de xuño, das cualificacións e da formación profesional que instaure os Centros integrados os concibe como unha institución ao servizo dos cidadáns e do sector produtivo que debe contribuír á cualificación y recualificación das persoas, acomodándose as súas distintas expectativas profesionais, e ser un referente orientador para o sector produtivo e formativo do seu entorno. Asímesmo indica que os Centros integrados de formación profesional deben ter autonomía e flexibilidade organizativa, versatilidade na programación da súa oferta formativa e capacidade de resposta formativa ás necesidades do mundo laboral como consecuencia dos rápidos cambios tecnolóxicos, organizativos e materiais.

O Real Decreto 1558/2005 do 23 de decembro polo que se regulan os requisitos básicos dos Centros integrados de formación profesional, que desenvolve a citada lei, indica no seu artigo 6. Funcións dos centros integrados, e especificamente no seu punto 3 :

“Para realizar as funcións sinaladas nos apartados anteriores, os Centros integrados poderán desenvolver acordos e convenios con empresas, institucións e outros organismos e entidades para o aproveitamento das infraestruturas e os recursos dispoñibles, que contribúan a calidade da formación e das demais accións que se contemplan neste real decreto”

Asemade, a Orde do 4 de decembro de 2003 pola que se regula o funcionamento e a oferta formativa dos centros integrados de formación profesional dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e da Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais establece no Artigo 4º.- Funcións dos centros integrados de formación profesional.

“ Colaborar coas organizacións empresariais, coas empresas do seu contorno e coa participación dos órganos de representación existentes nas empresas legalmente constituídos, nalgún dos seguintes campos:

a) Elaboración de metodoloxías para detecta-las necesidades de formación do persoal en activo.





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
EMPREGO E IGUALDADE

Dirección Xeral de Formación e Colocación



galicia

- b) Asesoramento respecto á formación do seu persoal.
- c) Organización e xestión de plans de formación en empresas.
- d) Elaboración dun sistema de valoración do impacto da formación en empresas.
- e) Organización e xestión de servizos técnicos de apoio á empresas.
- f) Inserción laboral do seu alumnado, tanto de formación profesional específica como de formación ocupacional”.

CUARTO

A Lei 5/2011, do 30 de setembro, do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia indica no seu “Artigo 37.- Autorizacións especiais de uso en precario sobre bens afectados ou adscritos.

1. Con carácter excepcional, e sempre que non resulten necesarios para o desenvolvemento das actividades propias, poderase autorizar por un prazo máximo dun ano, prorrogable por outro, o uso temporal dos bens do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia a persoas físicas ou xurídicas para a realización, sen ánimo de lucro, de actividades que satisfagan fins públicos e non resulten contraditorias coa afectación do ben.

2. Estas autorizacións especiais serán outorgadas pola persoa titular da consellaría, ou polo órgano unipersoal de goberno da entidade pública instrumental, que teñan afectados ou adscritos organicamente os bens, logo do informe favorable do centro directivo competente en materia de patrimonio.

3. As autorizacións en todo caso entenderanse outorgadas en precario, e poderán revocarse libremente en calquera momento, sen que o interesado teña dereito a ningunha indemnización.

4. Non están suxeitas ás limitacións contidas no punto 1 deste artigo as autorizacións de uso por un prazo inferior a un mes, ou para a organización de conferencias, seminarios, presentacións ou outros eventos análogos.

5. O órgano competente debe fixar no acto de autorización tanto as condicións de utilización do inmovible, establecendo o necesario para que non interfira no uso ordinario do inmovible polo órgano ou entidade que o teña afectado ou adscrito, como a contraprestación que deberá satisfacer o solicitante, consonte o establecido no punto 5 do artigo 40 desta lei.”



QUINTO

A Lei orgánica 5/2002, de 19 de xuño, das cualificacións e da formación profesional establece como un dos fins do Sistema Nacional de las Cualificacións e da Formación Profesional o de promover unha oferta formativa de calidade, actualizada e adecuada ós seus destinatarios, de acordo ás necesidades de cualificación do mercado laboral e as expectativas persoais de promoción profesional.

Ambas entidades comparten eses obxectivos xerais e especificamente o de mellorar as cualificacións profesionais do sector da automoción de Galicia, nas habilidades dixitais e tecnolóxicas, para obter un capital humano altamente cualificado nun entorno resiliente e altamente competitivo e, así, fomentar a inserción laboral do alumnado nun mercado de traballo que demanda novos profesionais.

En consecuencia ao exposto, as entidades asinantes, formalizan o presente convenio de colaboración de acordo as seguintes,

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. OBXECTO DO CONVENIO

O obxecto do presente convenio é establecer a colaboración para a realización de actividades de formación profesional entre a Consellería de Emprego e Igualdade, no seu Centro Integrado de Formación Profesional de Coia (Vigo), e a Fundación Clúster de Empresas de Automoción de Galicia (CEAGA).

As actividades a desenvolver encadraranse nalgún dos seguintes campos de actuación:

.- Realización, con carácter prioritario, de cursos de formación, prácticas, demostracións, etc. para traballadores, tanto para ocupados como para desempregados, que o CEAGA promova e que sexan desenvolvidas, total o parcialmente, utilizando as instalacións e medios do CIFP de Coia en Vigo.

.- Fomentar a participación do profesorado en actividades de innovación, transferencia de coñecemento e formación, para mellorar a calidade e a excelencia na formación profesional.





- Identificación e procura de prazas nas empresas asociadas ao CEAGA, para a realización de prácticas e visitas didácticas para o alumnado do CIFP.
- Divulgación e impulso á formación profesional dual nas empresas asociadas ao CEAGA.
- Identificar e informar dos perfiles profesionais mais demandados no sector e dar acceso ó alumnado do CIFP á bolsa de emprego das empresas de CEAGA

SEGUNDA. PROCEDEMENTO

Este convenio ten unha duración dun ano, prorrogable por outro e para a realización das actividades elaborárase unha Programación Anual que será aprobada pola Comisión de Seguimento e será incorporada como addenda do Convenio.

A programación do ano 2021 se incorpora xa como addenda deste Convenio.

No caso que se decida realizar unha actividade non incluída na programación anual, para a que se requira contar coas instalacións e medios do CIFP de COIA, CEAGA validará previamente a dispoñibilidade dos mesmos.

Ao remate de cada unha das actividades, o CEAGA elaborará un informe con datos xerais da formación (nº de asistentes, nº de empresas, resultados valoración, etc.) que se recollerá nun Dossier Anual dos resultados da programación que deberá ser aprobado pola Comisión de Seguimento.

TERCEIRA. OBRIGAS DO CEAGA

1º Inicio das actividades:

Previo ao inicio dunha actividade o CEAGA debe presentar ao CIFP a planificación didáctica, o programa e os Curriculum Vitae dos docentes. O centro estudará a dispoñibilidade das instalacións e os Currículun Vitae dos docentes para comprobar a súa capacitación para o manexo da dotación dos talleres, e dará a súa aprobación a actividade plantexada.

Con anterioridade o inicio de calquera actividade formativa no CIFP de Coia, CEAGA remitirá, un documento no que figure o nome, os apelidos e o número do documento nacional de identidade de cada persoa e o período de asistencia ao Centro.

2º Execución das actividades:



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
EMPREGO E IGUALDADE
Dirección Xeral de Formación e Colocación



galicia

Para a realización das actividades o CEAGA deberá ter en conta o cumprimento, tanto por parte dos docentes como dos alumnos, dos seguintes protocolos do CIFP:

- O protocolo do centro,
- O sistema da calidade
- O plan de adaptación ao COVID-19
- O plan de prevención de riscos.

O CIFP facilitará ó CEAGA toda a información e documentos necesarios para o cumprimento dos anteriores protocolos.

CEAGA debe aportar o material consumible, que empreguen na súa actividade formativa, así como aqueles equipos ou máquinas que se precisen para a impartición das actividades e que non estean dispoñibles no centro. Para a incorporación ao centro do material e da dotación, para a realización das actividades, debe ser previamente, aprobada e rexistrada no centro.

3º Remate das actividades

Ao finalizar o curso CEAGA se compromete a entregar ditos equipos, máquinas e ferramentas nas mesmas condicións. No caso de avarías ou deterioros CEAGA responsabilizarase das reparacións ou substitucións necesarias.

O docente, mediante o correspondente documento normalizado informará ao centro dos deterioros ou avarías que se produzan dos equipos, máquinas e instalacións.

CEAGA deberá ter contratado un Seguro de Responsabilidade Civil e Seguro de accidentes de alumnos (incluído in itinere") mediante os que queden cubertos os danos persoais e/ou materiais e os prexuízos patrimoniais derivados dos devanditos danos, causados ao CIFP de Coia ou a terceiros (incluídos os danos aos alumnos que participen nos cursos de formación), no exercicio da súa actividade. Esta póliza garantirá uns límites e coberturas que serán, como mínimo, adecuados aos riscos e circunstancias de execución esixidos a CEAGA por este convenio, nunca inferiores a 600.000 €. CEAGA deberá acreditar o cumprimento desta condición achegando un xustificante documental, certificado expedido pola aseguradora onde se acrediten as coberturas, límites e acharse ao corrente de pago das cuotas correspondentes.

O CEAGA informará ao CIFP da existencia de eventos do sector da automoción e de cursos de formación do sector de automoción en materias de alta tecnoloxía,





facilitando, na medida das súas posibilidades, a asistencia e a participación do profesorado do centro.

CUARTA. OBRIGAS DO CIFP DE COIA

O CIFP porá a disposición do CEAGA, sempre que non resulten necesarias para o desenvolvemento das actividades propias do Centro, as aulas e talleres que sexan precisos para cada actividade, cos equipos, máquinas e ferramentas necesarias para a realización das diferentes actividades en condicións correctas de funcionamento e coas instalacións necesarias de aire, electricidade e de auga.

O persoal do CIFP supervisará o estado inicial dos talleres, que deberán estar coa capacidade adecuada de funcionamento, así como, supervisará o estado ao remate da actividade e fará o informe correspondente caso de non deixar o taller no estado adecuado.

O persoal do CIFP dará o soporte técnico que sexa preciso para o desenvolvemento práctico das actividades de CEAGA dentro dos talleres.

As autorizacións das actividades do CEAGA por parte que do CIFP entenderanse outorgadas en precario, e poderán revocarse libremente en calquera momento, sen que o interesado teña dereito a ningunha indemnización.

Consonte ao establecido no punto 5 do artigo 40 da Lei 5/2011, do 30 de setembro, do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia e dado que estas actividades non van a interferir no traballo ordinario no Centro serán outorgadas con carácter gratuito.

O CIFP informará ao CEAGA das características precisas das necesidades para poder facer prácticas polo alumnado, así como das visitas didácticas, para que o CEAGA poda obter a dispoñibilidade das empresas asociadas e suministre dita información (empresa e persoa de contacto) ao CIFP.

QUINTA. COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Constitúese unha comisión de seguimento, control e supervisión, que se reunirá cando se considere oportuno por calquera das partes asinantes. Esta comisión estará constituída por:

Tres persoas representantes de a Consellería de Emprego e Igualdade



Xacobeo 2021



.- Exercerá a presidencia o Director/a Xeral de Formación e Colocación ou persoa en quen delegue.

.- O Director/a do CIFP de Coia.

.- Unha persoa funcionaria da Dirección Xeral de Formación e Colocación, que actuará como secretaria con voz pero sen voto. Elaborará as actas das reunións das comisións de seguimento que se incorporarán ao expediente

b. Dúas persoas representantes do CEAGA.

Esta Comisión exercerá, principalmente, as seguintes funcións:

- Proposta de addenda de actividades mediante a elaboración da Programación Anual e elaboración do Informe Anual de resultados das actividades.

- Interpretación e resolución de cantas dúbidas ou conflitos se formulen na interpretación do presente convenio e na súa aplicación.

- Vixilancia e seguimento do cumprimento do convenio.

- Aqueloutras que para o efecto se lle encomenden.

SEXTA. REXISTRO, TRANSPARENCIA E BO GOBERNO

Este convenio será obxecto de inscrición no rexistro de convenios da Xunta de Galicia, tal e como establece o Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

Os asinantes do convenio manifestan o seu consentimento ou autorización para que os seus datos persoais que consten no convenio, e mailo resto das especificacións contidas no mesmo, poidan ser publicados no Portal de Transparencia e Goberno Aberto, consonte ó establecido nos artigo 14 e seguintes da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e os artigos 29 e seguintes da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro de transparencia e bo goberno.

SÉTIMA. FINANCIAMENTO E RELACIÓNS LABORAIS

Este convenio non implica obrigação algunha de contido económico para ningunha das partes asinantes.

Non se derivará ningún tipo de obriga de carácter laboral para a Consellería de Emprego e Igualdade, das persoas intervincentes nas actividades de desenvolvemento deste Convenio



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
EMPREGO E IGUALDADE

Dirección Xeral de Formación e Colocación



galicia

OITAVA. CONFIDENCIALIDADE E PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

As partes comprométense a manter estrita confidencialidade respecto de calquera información que lles sexa subministrada en virtude do presente convenio a non ser que por parte das mesmas se autorizase expresamente a súa difusión.

Este compromiso de confidencialidade farase extensible ó tratamento de calquera outros datos e informacións de carácter persoal a que as partes puidesen ter acceso como consecuencia da execución do presente convenio.

Neste sentido as partes comprométense a cumprir adecuadamente e, en todo momento as obrigas derivadas da Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos e Garantía dos Dereitos Dixitais e do do Regulamento (UE) 2016/679 – RXPd do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal e das demais disposicións vixentes nesta materia, respecto do tratamento dos datos persoais facilitados, cuxo prazo de conservación será o necesario para a completa execución do procedemento, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.

Os datos poderán ser cedidos a outras Administracións públicas cando sexa necesario para a correcta prestación do servizo ou ben en cumprimento dun mandato legal ou xudicial. Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro. Así mesmo teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es). Poderase obter máis información na web provincial ou contactando co delegado de protección de datos, no seguinte enderezo: info@depo.gal.

NOVENA. CARÁCTER ADMINISTRATIVO DO CONVENIO

O presente convenio ten natureza administrativa, rexéndose nos seus efectos polo establecido nas súas cláusulas, e aplicándose a Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público. Aínda que as materias sobre as que versa o convenio,





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
EMPREGO E IGUALDADE

Dirección Xeral de Formación e Colocación



galicia

exclúeno do seu ámbito de aplicación, aplicaranse os principios da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, para resolver as dúbidas e as lagoas que podan presentarse, de acordo co seu artigo 4.

As cuestións litixiosas xurdidas acerca da súa interpretación, modificación e resolución, serán resoltas pola Consellería de Emprego e Igualdade, poñendo os seus acordos, fin á vía administrativa.

Contra estas resolucións poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición, segundo o disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común ou directamente recurso contencioso-administrativo, de acordo co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

DÉCIMA. PUBLICIDADE

Para todas as actividades que sexan desenvolvidas como resultado deste convenio ambas partes poderán incluír na documentación, informes e publicacións os logotipos de ambas institucións do CIFP de Coia da Consellería de Emprego e Igualdade e do CEAGA.

UNDÉCIMA.VIXENCIA DO CONVENIO

O convenio entrará en vigor na data da súa sinatura e terá unha vixencia dun ano, prorrogable por outro, podendo prorrogarse por acordo das partes mediante a addenda correspondente.

O convenio poderá denunciarse por calquera das partes e deberá realizarse por escrito e con dous meses de antelación, ou tamén pode darse por rematado en calquera momento por mútuo acordo entre as partes, previa comunicación polo menos cun mes de antelación, ou por causa de forza maior.

Serán causas de extinción ou resolución do presente convenio:

- a) O incumprimento das súas cláusulas por calquera das partes.
- b) A alteración substancial das condicións que propiciaron a súa celebración.
- c) O mútuo acordo.

En caso de extinción ou resolución do convenio, calquera que fose a súa causa, as actuacións ás que vén referido o seu texto, e que no momento da resolución ou extinción se atoparan en curso de realización, continuarán o seu desenvolvemento ata a súa finalización.



E en proba de conformidade con o exposto, ambas as partes asinan o presente convenio por triplicado no lugar e data indicados no encabezamento.

A conselleira de Emprego e Igualdade



M.^a Jesús Lorenzana Somoza

O presidente do Patronato da
Fundación Clúster da Automoción de Galicia



Juan Antonio Lloves Guntín



ADDENDA PROGRAMACIÓN DO ANO 2021

.- Programación estimada: Dez cursos de formación no regradada do tipo dos enunciados no listado

.- Número de alumn@s estimado: entre 7 e 10 alumn@s por curso.
(Aproximadamente 90 alumn@s).

.- Duración estimada : 12 a 60 horas

.- Horario: 3 a 4 horas día.

.- Talleres a empregar: dous de automatismos e robótica e un de mecánica industrial.

.- Cronograma: Os cursos irán programándose de acordo as propostas que vaia facendo CEAGA e de acordo as dispoñibilidades do CIFP de Coia .

Cada un dos cursos serán documentados de acordo ao especificado no convenio para ser aprobada a súa realización polo CIFP e resumidos nunha ficha para o resumo executivo do Dossier final.

.- Unha primeira actividade formativa que se pretende desenvolver será un proxecto piloto formativo encadrado no proxecto Europeo "Fit 4 The Factory of the Future". Este piloto formativo desenvolverase entre as instalacións do centro de Vigo de Stellantis (antes Grupo PSA) e o Centro de COIA de acordo a planificación que se aprobe e constará de dous grupos de 8 [alumn@s](#) cada un.


.- Programaranse outros cursos distribuídos entre o taller de automatismos e robótica e o taller de mecánica industrial.

A formación a impartir nos talleres se programarán en base as necesidades das empresas de CEAGA partindo do seguinte listado:

1. Deseño e impresión de elementos 3D.

2. Enxeñería inversa a partir de dixitalización de xeometrías 3D e transformación en modelos paramétricos.

3. Deseño paramétrico de elementos e ensamblaxes 3D.





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
EMPREGO E IGUALDADE

Dirección Xeral de Formación e Colocación



galicia

4. Modelado e ensamblaxe 3D con SOLIDWORKS
5. Modelado e ensamblaxe 3D con AUTODESK INVENTOR
6. Simulación de montaxe e desmonte de conxuntos e mecanismos con AUTODESK INVENTOR.
7. Deseño de LAY- OUT con AUTODESK FACTORY DESIGN
8. Deseño 3D de elementos estruturais con AUTODESK INVENTOR
9. Deseño de elementos de elementos de chapa con AUTODESK INVENTOR
10. Deseño de elementos de caldeiraría con AUTODESK INVENTOR.
11. Programación de Mecanizado (CAM) 5 eixos e mecanizado con control HEIDENDAIN TNC 640.
12. Programación de Mecanizado (CAM) 5 eixos e mecanizado con control FANUC.
13. Programación de Mecanizado (CAM) 5 eixos e mecanizado con control FAGOR 8050.
14. Programación de Mecanizado (CNC) e mecanizado con control HEIDENDAIN TNC 640.
15. Programación de Mecanizado (CNC) e mecanizado con control FANUC.
16. Programación de Mecanizado (CNC) e mecanizado con control FAGOR 8050.
17. Automatización mediante sistemas hidráulicos, pneumáticos e electroneumáticos.
18. Interpretación de simboloxía de soldadura segundo normas ANSI/ AWS A2.4 e UNE-EN 22553.
19. O aceiro: identificación, tipos, propiedades, correcta manipulación e transformación por mecanizado, conformado e soldadura.
20. Tecnoloxía básica do mecanizado por arranque de labra.
21. Tecnoloxía básica dos procesos de soldadura.
22. Tecnoloxía básica dos procesos de conformado de chapa.
23. Corte de metais mediante procesos de corte por plasma con máquina CNC.
24. Deseño, optimización de material (Nesting) e corte de elementos mediante corte LASER.
25. Técnicas de medición de taller. Medición de lonxitudes con Pé de Rei, Micrómetros, Goniómetro, reloxo comparador. Medición de rugosidade.





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
EMPREGO E IGUALDADE

Dirección Xeral de Formación e Colocación



galicia

Poderanse realizar outras actividades non incluídas nesta programación anual e, para aquelas que se requira contar coas instalacións e medios do CIFP de COIA, CEAGA validará previamente a dispoñibilidade dos mesmos.

